

## **Acta XIX Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA, Pontevedra, Mércores, 24 de maio de 2017 na Sede da Marea (Cruz Vermella, 22, baixo)**

Sendo as 20,00 horas e co quórum requirido (24 persoas) da comezo a XIX Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

### **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da XVIII asemblea.
2. Debate sobre actividade municipal do último trimestre e novas iniciativas.
3. Debate sobre a actual situación política e tarefas de Marea Pontevedra
4. Varios

### **ACORDOS:**

1. Aprobación da acta anterior. Aprobada por unanimidade.
2. Debate sobre actividade municipal do último trimestre e novas iniciativas. Luís Rei, despois de lembrar a data de hoxe, aniversario da entrada da Marea no concello como oposición, fai resumo das diferentes mocións/propostas que se teñen presentado nos últimos meses, e que, maioritariamente, non saíron adiante polo voto en contra do goberno municipal, quen tamén está poñendo atrancos a renda social municipal. Ante iso, cumpre potenciar a nosa axenda: relanzar a ofensiva antitaurina na cidade, xornadas de remunicipalización de servizos, e encontros con colectivos do rural de Pontevedra; e a volta do verán, rescatar a reforma do regulamento de participación dos veciños e do regulamento orgánico do pleno, atendendo aos nosos principios de radicalidade democrática. Formúlase a proposta de que se faga presión co PSOE sobre a ILP presentada polo hospital, para que o concello aclare a súa posición.
3. Debate sobre a actual situación política e tarefas de Marea Pontevedra. Xoán Hermida repasa a liña que mantivemos ata agora, nun principio máis dura co goberno municipal e actualmente máis propositiva, na liña de amosar a nosa capacidade de chegar a acordos e de gobernar. Con respecto a situación en Galicia e no estado, desde sempre Marea Pontevedra deu apoio a En Marea, polo que a súa actividade repercute dalgunha maneira na nosa; se Marea Pontevedra chega á recta final das próximas municipais forte e cohesionada, vainos permitir ser impermeables, en certa medida, ás circunstancias externas. Sobre as tarefas máis concretas na cidade, fórmulanse varias propostas: ser máis incisivos no tema de emprego, con indicadores moi preocupantes de actividade económica, que fan que o paro sexa o tema máis importante en Pontevedra; enmarcar as nosas propostas dentro do nosa 'cidade modelo', con máis prazas de escolas infantís, centros de día, atención ás necesidades dos máis desfavorecidos, transporte e outras políticas medioambientais e sociais; e retomar o PXOM. Establécese tamén a necesidade de establecer unha dualidade na tarefa, o que imos ir traballando coa xente, e o que necesitamos ir definindo entre nós, como elementos básicos cando gobernemos.
4. Varios. Infórmase que o 2 de xuño, nos Praceres, proxéctase o documental de Lukas.  
Sen máis asuntos que tratar levántase a xuntanza ás 21,15 horas.

Asinado: M<sup>a</sup>Carmen González | exerceu de Secretaria de Actas  
V<sup>o</sup> P: Xoán Hermida | Coordinador